



MEMORIA XUSTIFICATIVA PARA A REDACCIÓN DO PREGO DE CONDICIÓN ADMINISTRATIVAS PARTICULARES PARA O EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SUBMINISTRO E INSTALACIÓN DUNHA BOMBA DE CALOR PARA O AUDITORIO DO CMD DE TEIS (EXPTE. 10305/320)

I. ANTECEDENTES

A empresa adxudicataria do contrato do servizo de mantemento dos sistemas de climatización dos Centros Municipais de Distrito (CMD) dependentes da unidade de Participación Cidadá (expte. 8796/320), no seu informe de seguimento do estado das instalacións, e en relación co Centro Municipal de Distritos de Teis (R/Maceiras s/n), fai constar que a parte do sistema de climatización que dá acondicionamento ao Auditorio (teatro) se atopa en situación de "fora de servizo", propoñendo a súa substitución.

O contrato está incluído no informe complementario da planificación da contratación do servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local, emitido pola Técnica de Administración Xeral no documento núm. 210183951.

II. ESIXENCIAS DE MOTIVACIÓN DETERMINADAS POLA LEXISLACIÓN DE CONTRATOS

1.- OBXECTO.

1.1.- O obxecto do presente contrato é determinado e está constituído polo subministro e instalación dunha bomba de calor para a climatización do auditorio do Centro Municipal de Distrito (CMD) de Teis, así como de todos os compoñentes necesarios para a súa posta en funcionamento. Tamén comprende a desinstalación da bomba de calor actual aire-aire de climatización do teatro, e os compoñentes asociados á mesma. Debendo quedar esta instalación de climatización operativa e legalizada de acorde á normativa vixente de aplicación.

1.2.- No referente á **calificación do contrato**, polo seu obxecto, constitúe un contrato de subministro previsto no artigo 16 da Lei 9/2017, de 8 novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014. (LCSP).



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 01/04/2022 10:11	Página 1 de 9
Expediente/Documento 10305-320	CSV: AAAAAA-5DEE21-DBEAA5-R3PF7R-7WMPLW-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



1.3.- O presente contrato **non será obxecto de división en lotes**, existindo motivos válidos que xustifican a non división, unificándose nun único contrato a totalidade das prestacións.

Tal e como prevé o artigo 99.3.b da LCSP, o órgano de contratación poderá non dividir en lotes o obxecto do contrato cando existan motivos válidos que deberán xustificarse debidamente.

Constitúen en todo caso motivos válidos de xustificación que a realización independente das diversas prestacións comprendidas no obxecto do contrato dificulte a correcta execución desde o punto de vista técnico; ou ben que o risco para a correcta execución do contrato proceda da natureza do mesmo, por implicar a necesidade de coordinar a execución das diferentes prestacións, cuestión que podería verse imposibilitada pola súa división en lotes e execución por unha pluralidade de contratistas diferentes. A non división no presente suposto se xustifica pola concorrencia de ambas causas por tratarse dun contrato de subministro e instalación cuxa execución se vería dificultada tanto desde o punto de vista técnico pola necesidade de coordinación de diferentes contratistas nun mesmo ámbito de traballo, como para a súa correcta execución, que precisa dun adecuado coñecemento do equipamento subministrado pola empresa que executará a instalación de xeito que lle permita realizar os traballos no menor espazo de tempo posible de cara a evitar molestias ás persoas usuarias ou paralización da actividade do centro, a vista do cal, considérase máis axeitado que as actuacións sexan realizadas no marco dun único contrato.

1.4.- O presente contrato resulta necesario para o exercicio de **competencias propias** previstas no artigo 25.2.d) da Lei 7/1985 Reguladoras das bases de Réxime Local, na redacción dada pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local.

1.5.- Á **codificación** correspondente á nomenclatura prevista no Regulamento CE 213/2008, da Comisión Europea, de 28 de novembro de 2007, polo que se modifica o Regulamento CE 2195/2002, do Parlamento Europeo e do Consello, relativo á aprobación do vocabulario común de contratos públicos (CPV) é: 42161000-5 (caldeiras de auga quente)

2.- PROCEDIMENTO DE ADXUDICACIÓN E FORMA DE TRAMITACIÓN:

O procedemento de adxudicación do presente contrato rexerese polo disposto no artigo 159 da LCSP que regula o procedemento aberto simplificado de tramitación abreviada no



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 01/04/2022 10:11	Páxina 2 de 9
Expediente/Documento 10305-320	CSV: AAAAAA-5DEE21-DBEAA5-R3PF7R-7WMPLW-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



seu apartado 6, por tratarse dun contrato de subministro con valor estimado inferior ao establecido no referido artigo.

Tendo en conta o obxecto do contrato, propónse a tramitación ordinaria do presente expediente de contratación de conformidade co establecido na LCSP.

3. PRAZO DE EXECUCIÓN E PRÓRROGA (artigo 29)

De conformidade co establecido no artigo 29 da LCSP, o prazo de execución establécese tendo en conta a natureza da prestación, as características do financiamento e a necesidade de someter a concorrência o mesmo

Fíxase un prazo de execución do contrato de 3 meses, a contar dende o seguinte á formalización do contrato.

Non se prevén prórrogas.

Xustificación do prazo de execución e prórroga do contrato.

O prazo de execución fíxase atendendo á natureza das prestacións, ao financiamento así como á necesidade de someter a concorrência o contrato. Tendo en conta o subministro e instalación a realizar polo adxudicatario, fíxase o prazo de execución máis axeitado, suficiente para conseguir unha realización do subministro e instalación eficaz.

4.- XUSTIFICACIÓN DA NECESIDADE E IDONEIDADE DO CONTRATO:

O artigo 28 da LCSP, establece que, non poderán celebrarse outros contratos que aqueles que sexan necesarios para o cumprimento e realización dos seus fins institucionais. A tal efecto a natureza, e extensión das necesidades que pretenden cubrirse mediante o contrato obxecto deste expediente así como a idoneidade e contido para satisfacelas constan no informe xustificativo da necesidade e idoneidade da contratación obxecto deste expediente, asinado en data 22 de decembro de 2021 no que se xustifica adecuadamente a necesidade á que se pretende dar satisfacción mediante este contrato así como a relación directa, clara e proporcional co obxecto do presente contrato.

5.- PREZO DO CONTRATO E XUSTIFICACIÓN.

a) Prezo e orzamento base de licitación (artigos 101 e 102 LCSP)

O orzamento base de licitación é de **56.628€** (IVE incluído de **9.828 €**).



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 01/04/2022 10:11	Páxina 3 de 9
Expediente/Documento 10305-320	CSV: AAAAAA-5DEE21-DBEAA5-R3PF7R-7WMPLW-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



Realízase unha aproximación orzamentaria ao custo de prestación do subministro obxecto do contrato, que se inclúe no presente expediente, no que se tiveron en conta os gastos estimados previsibles, de acordo cos prezos indicados na proposta da empresa mantedora que informou da necesidade de substituír a máquina climatizadora:

Conceptos valorados (custes do subministro e a súa instalación) que deberá ser desenvolvido a cargo do adxudicatario, de acordo co seguinte cadro:

○ Bomba de calor:	43.000 €
○ Grúa de 40 toneladas (pluma)	2.000 €
▪ Beneficio industrial:	1.800 €
▪ 21% Imposto do Valor Engadido	9.828 €
▪ Prezo total estimado	56.628 €

Inclúense no prezo todos os conceptos referidos na cláusula 2 do PPT relativa ao alcance e descrición dos traballos (Subministro e instalación dunha bomba de calor, así coma de todos os compoñentes necesarios para a súa posta en funcionamento; desinstalación da bomba de calor actual aire-aire de climatización do teatro, e os compoñentes asociados á mesma, e os gastos xerados da montaxe e instalación da máquina e os seus compoñentes, como guindastres ou custos de ocupación da vía pública).

b) Valor estimado (artigo 101 LCSP)

O valor estimado do contrato é de **46.800 €**. Non se contemplan modificacións nin prórrogas.

MÉTODO DE CÁLCULO: Esta cantidade é o resultado de descontar o importe correspondente ao IVE (21%) ao orzamento base de licitación, no que se inclúen todos os conceptos relacionados no artigo 101 da LCSP, así como os custos laborais, sen incluír prórrogas nin modificacións por non estar previstas neste contrato.

6.- REVISIÓN DE PREZOS.

Non procede a revisión de prezos.

7.- FINANCIAMENTO DO CONTRATO E XUSTIFICACIÓN DO CUMPRIMENTO DOS PRINCIPIOS DE ESTABILIDADE ORZAMENTARIA E SUSTENTABILIDADE FINANCEIRA DO ARTIGO 7.3 DA LEI ORGÁNICA 2/2012, DO 27 DE ABRIL.

O prezo do contrato de **56.628 €** (IVE incluído de **9.828 €**) imputarase á aplicación orzamentaria seguinte: 9240.6330000 "Climatización CMD Teis" dos vixentes orzamentos do Concello de Vigo do ano 2022.

O contrato non supón desequilibrio orzamentario por atoparse contemplado o gasto no orzamento e por tanto non afectará á sustentabilidade financeira do Concello.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 01/04/2022 10:11	Páxina 4 de 9
Expediente/Documento 10305-320	CSV: AAAAAA-5DEE21-DBEAA5-R3PF7R-7WMPLW-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



5.- HABILITACIÓN PROFESIONAL

As empresas licitadoras deberán cumprir o establecido no artigo 36 do Real Decreto 1027/2007, de 20 de xullo, por el que se aproba o Regulamento de Instalacións Térmicas nos Edificios (RITE) en canto á habilitación como empresas instaladoras autorizadas de instalacións térmicas de edificios, debendo ter presentado, previo ao inicio da actividade, ante o órgano competente da comunidade autónoma na que se establezan a correspondente declaración responsable na que o titular ou representante legal manifeste que cumpre los requisitos que se esixen por este regulamento.

6.- CRITERIOS DE VALORACIÓN E XUSTIFICACIÓN:

De conformidade ao establecido no artigo 145 da LCSP para a valoración das proposicións e determinación da oferta economicamente mais vantaxosa, e en base ao exposto na presente memoria, deberá atenderse a criterios directamente vinculados co obxecto do contrato.

O criterio de adjudicación proposto no presente caso consistirá na redución do prezo do contrato de modo que as ofertas ordenaranse por orde decrecente resultando adjudicataria a que oferte unha maior redución do prezo do contrato.

Xustificación do criterio de valoración.- Xustifícase a elección do referido criterio, de conformidade co establecido no artigo 146.1 da LCSP, que establece que cando só se utilice un criterio de adjudicación, este deberá estar relacionado cos custos, podendo ser o prezo ou un criterio baseado na rendibilidade.

Establécese o prezo como único criterio de valoración, en base ao artigo 145.3.g) da LCSP, xa que as prestacións do presente contrato están definidas perfectamente dende un punto de vista técnico no PPTP.

7.-VARIANTES.

Non se prevén.

8.- OFERTAS CON VALORES ANORMAIS.

En relación á determinación dos criterios aplicable para a valoración da existencia de ofertas ou proposicións con valores anormais ou desproporcionados para as ofertas



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 01/04/2022 10:11	Páxina 5 de 9
Expediente/Documento 10305-320	CSV: AAAAAA-5DEE21-DBEAA5-R3PF7R-7WMPLW-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



referentes as obras obxecto deste expediente, a tenor do establecido no artigo 149.2.a) da LCSP, aplicaranse os criterios para apreciar as ofertas desproporcionadas establecidos no artigo 85 do RLCAP.

9.- CONDICIÓNES ESPECIAIS DE EXECUCIÓN.

Establécese as seguintes condiciónes especiais de execución de conformidade co establecido no artigo 202 da LCSP:

- **-consideracións de tipo medioambiental** que persigan: a redución das emisións de gases efecto invernadoiro, contribuíndo así a dar cumprimento ao obxectivo que establece o artigo 88 da Lei 2/2011, de 4 de marzo, de Economía Sostible; o mantemento ou mellora dos valores medioambientais que poidan verse afectados pola execución do contrato; unha xestión máis sostible da auga; o fomento no uso das enerxías renovables; a promoción do reciclado de produtos e uso de envases reempregable; ou o impulso da entrega de produtos a granel e a produción ecolóxica.

10.- PRAZO DE GARANTÍA.

Establécese o prazo mínimo de garantía de (3) tres anos a partir da entrega das instalacións en perfecto estado, de conformidade con establecido na Cláusula 6 PPT.

11.- SUBCONTRATACIÓN.

Non se establecen tarefas críticas que deban ser executadas directamente polo contratista principal que non poidan ser obxecto de subcontratación. A subcontratación deberá someterse aos requisitos establecidos no artigo 215 LCSP.

12.- MODIFICACIÓN DO CONTRATO.

Non se prevé ningunha modificación do contrato.

13.- RESPONSABLE DO CONTRATO.

O responsable do contrato será a xefatura do servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local do Concello de Vigo.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 01/04/2022 10:11	Páxina 6 de 9
Expediente/Documento 10305-320	CSV: AAAAAA-5DEE21-DBEAA5-R3PF7R-7WMPLW-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



14.- RÉXIME DE PAGAMENTO.

14.1.- Facturación.

O pago realizarase previa presentación de factura pola adxudataria e será conformada polo responsable de contrato unha vez comprobada a veracidade do subministro e instalación previstos na cláusula 2 do PPT.

A factura electrónica a emitir deberá axustarse ao establecido na Lei 25/2013 de 27 de decembro, de impulso da factura electrónica e creación do rexistro contable de facturas no Sector Público.

Os códigos solicitados pola plataforma FACE- Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado - ao que se encontra adherido o Concello de Vigo, son os seguintes:

- UNIDADE TRAMITADORA: GE0000694 – PARTICIPACIÓN CIDADÁ
- OFICINA CONTABLE: GE0000575/ INTERVENCIÓN
- ÓRGANO XESTOR: L01360577 CONCELLO DE VIGO

15.- SEGUROS:

O adxudicatario definitivo do contrato terá a obriga de acreditar que ten en vigor ou subscribir unha póliza de seguro de responsabilidade civil cun capital asegurado por un importe mínimo de 300.000,00 €, que deberá cubrir, a lo menos, as contingencias de accidentes, morte e invalidez, con vixencia durante todo o tempo que dure o contrato e que cubra os danos que eventualmente poidan sufrir as instalacións obxecto do contrato e os usuarios das mesmas.

16.- PREGO PRESCRICIÓNS TÉCNICAS.

O Prego de Prescricións Técnicas e o seu Anexo I achégase a este expediente e atopase redactado en base ás peculiaridades técnicas da execución deste contrato.

17.- LUGAR DE ENTREGA:

A prestación do contrato terá lugar no seguinte enderezo



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 01/04/2022 10:11	Páxina 7 de 9
Expediente/Documento 10305-320	CSV: AAAAAA-5DEE21-DBEAA5-R3PF7R-7WMPLW-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



Centro Municipal de Distrito de Teis.

- camiño Maceiras s/n

18.- DATA PREVISTA PARA O INICIO DO CONTRATO

A data prevista para o inicio do contrato é o 1 de abril de 2022.

19.- CONDICIÓNES ESPECIAIS DE COMPATIBILIDADE

Non procede fixar condicións especiais de compatibilidade por canto na redacción da documentación contractual non participou ningún terceiro alleo a esta Administración.

20.- ETIQUETAS

Non procede

21.- INFORMES DE PROBAS

Non se exixen

III.- OUTROS ASPECTOS NECESARIOS PARA A ELABORACIÓN DO PREGO DE PRESCRICIÓNES TÉCNICAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES.

22.- OUTROS DEREITOS E OBRIGAS DO ADXUDICATARIO.

-O adxudicatario deberá nomear un/ha coordinador/a e un/ha suplente, non seu caso, que será o/a interlocutor/a co Concello de Vigo para atender cantas cuestións poidan xurdir.

- Garantir que o persoal encargado da instalación posúa carné profesional en instalacións térmicas de edificios (artigo 37 do Real decreto 1027/2007, do 20 de xullo, polo que se aproba o Regulamento de Instalacións Térmicas nos Edificios-RITE)

23. CESIÓN DE DATOS Ó ADXUDICATARIO: NON

24. CESIÓN DE DEREITOS DE PROPIEDADE INTELECTUAL OU INDUSTRIAL: NON

En consecuencia, en base aos antecedentes descritos, propónse ao Concelleiro Delegado de Participación Cidadá e Festas, remitir a presente memoria xustificativa ao Servizo de



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 01/04/2022 10:11	Páxina 8 de 9
Expediente/Documento 10305-320	CSV: AAAAAA-5DEE21-DBEAA5-R3PF7R-7WMPLW-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



Contratación para a redacción do correspondente Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, de acordo coas condicións e necesidades descritas no presente informe.

DECLARACIÓN DE AUSENCIA DE CONFLITO DE INTERESES

As técnicas que subscriben declaran non estar incursas en posible conflito de intereses, nos termos establecidos no modelo aprobado por Resolución da Concellería-Delegada de Contratación, Patrimonio e Xestión Municipal de data 3 de marzo de 2021, adoptada en execución do obxectivo 3.4.1 do plan operativo (Res. Concellería 17/12/2019), correspondente á liña estratéxica 3 do marco estratéxico (AXGL 12/12/2019) do Plan de Integridade na Contratación.

Asemade, o concelleiro delegado de Participación Cidadá, subscribe declaración de non estar incurso en posible conflito de intereses, nos termos establecidos no modelo aprobado para a Xunta de Goberno Local por Resolución da concellería delegada de Xestión Municipal de data 24 de febreiro de 2021 e no Plan de Integridade na Contratación.

Vigo, na data da sinatura dixital

A técnica de xestión.- Rosa M^a Otero Malvárez

A técnica de Administración Xeral (Resolución de 25/11/2021).- Carla Candia Paz

CONFORME,

O Concelleiro Delegado de Participación Cidadá e Festas.-Pablo L. Estévez Rodríguez



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 01/04/2022 10:11	Páxina 9 de 9
Expediente/Documento 10305-320	CSV: AAAAAA-5DEE21-DBEAA5-R3PF7R-7WMPLW-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		